

CONCELLO DE RIANXO - - PROVINCIA DE A CORUÑA-

ACTA Nº 16-2014 DA SESION ORDINARIA PLENO MUNICIPAL

- DIA 27/11/2014-

Marxe que se cita:

Presidente:

ADOLFO F. MUÍÑOS SANCHEZ.- (BNG)

Concelleiros/as asistentes:

ADELINA CES QUINTÁNS (BNG)

XOAN VICENZO CES RODRÍGUEZ (BNG)

Mª TERESA SOBRADELO IGLESIA.- (BNG)

JOSÉ CARLOS GEY HERMO (PSOE)

SONIA CASTAÑO EIRAS (PSOE)

Mª OLGA GONZÁLEZ DOURADO (PSOE)

ANA MARÍA AGRELO REY (PSOE)

JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO (PSOE)

Mª VANESA MARTÍNEZ DURAN (PP)

Mª DE LAS NIEVES VICENTE VARELA (PP)

JOSÉ RICARDO BESADA GESTO (PP)

ELISA BOUZAS VICENTE (PP)

JOSÉ LUÍS CASTIÑEIRAS LESENDE(PP)

Concelleiros ausentes:

ANA MARÍA EITOR VIDAL (PP)

HADRIANA ORDOÑEZ OTERO (BNG)

CONSTANTINO CASTAÑO CALVO (BNG)

Secretaria:

Carolina Costoya Pardo

Na Casa Consistorial de Rianxo, no día de hoxe ás 20:08 baixo a Presidencia do Sr. Alcalde reúnen os/as señores/as Concelleiros/as que á marxe se indican coa asistencia da Secretaria da Corporación, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión do Pleno Municipal.

Constatada a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente (cando menos 1/3 do número legal), polo Sr. Presidente declárase aberta a sesión e procédese a trata-los asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

2º.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO.

3º.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN CONSELLOS ESCOLARES

4º.- PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL A INTEGRAR NO POS 2015

5º.-MOCIONS DE URXENCIA

6º.- ROGOS E PREGUNTAS

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Acta Nº 14 Sesión ordinaria do día 30/10/2014

O Presidente preguntalle aos Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta indicada.

Non habendo observacións ao respecto, por unanimidade dos 14 concelleiros presentes dos 17 que legalmente conforman o pleno, queda APROBADA a acta.

Acta Nº 15 Sesión Extraordinaria do día 10/11/2014

O Presidente preguntalle aos Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta indicada.

Non habendo observacións ao respecto, por unanimidade dos 14 concelleiros presentes dos 17 que legalmente conforman o pleno, queda APROBADA a acta.

2.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO.

2.A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/10/2014 ata o 31/10/2014, que comprenden os números 545/2014 ao 606/2014, cuxa relación facilitouse aos voceiros dos grupos municipais.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.

2.B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 20 da Sesión extraordinaria do día 13/10/2014
- Acta Nº 21 da Sesión ordinaria do día 28/10/2014

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.-

3.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN CONSELLOS ESCOLARES

O Sr. Alcalde da conta da proposta de alcaldía facilitada aos membros do pleno corporativo.

<<Consonte ao disposto no artigo 38.c) do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Pleno debe proceder ao nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados dos organismos ou entidades que proceda legalmente ou dos que forme parte.-

Ao abeiro da Resolución do 19/09/2014, da Dirección xeral de Educación, Formación profesional e innovación educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 1 de outubro) e de conformidade coa normativa de aplicación, a saber:

- artigo 16.1.a) da Lei 3/1986, de consellos escolares de Galicia
- artigo 30.1.1. do Decreto 44/1988, que regula -entre outros- os consellos escolares municipais de Galicia
- artigo 33 do Decreto 92/1998, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario.

Polo exposto, e cara a dar cumprimento á mencionada normativa, nomeando o representante municipal que integre os Consellos escolares municipais, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Nomear como representantes desta Corporación nos seguintes Consellos Escolares aos concelleiros/as:

- CEIP "A. Mª Dieguez" (Asados): D. José Carlos Gey Hermo.
- CEIP "Brea Segade" (Taragoña): Ana M. Agrelo Rey
- IES "Félix Muriel": D. María Olga González Dourado.
- CEIP "A.D.R. Castelao": Dª María Teresa Sobradelo Iglesias.
- C.R.A.: Dª. Adelina Ces Quintans.

Segundo.- Notificar o presente acordo aos Concelleiros/as designados e aos Presidentes dos Consellos Escolares dos Centros Escolares devanditos.>>

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE EDUCACIÓN, CULTURA, TURISMO E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA, do día 24/11/2014, sendo este favorable coa abstención da concelleira do PP.

O Sr. Alcalde di que se ratifican os que estaban nomeados tras constituirse a corporación actual pero que debe efectuarse novo nomeamento en aplicación da normativa para constituír os diferentes Concellos Escolares. E voltarase a facer tralas próximas eleccións porque será un novo mandato aínda que algún concelleiros repetira.

Ábrese o **DEBATE**:

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a Vanesa Martinez Duran, di que apoian a proposta.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, José Carlos Gey Hermo, di que apoian a proposta.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a Adelina Ces Quintáns intervén unicamente para amosar o seu apoio a esta proposta

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, sendo APROBADA por unanimidade dos membros presentes sendo 14 votos a favor (4 dos membros do BNG, 5 dos do PSdeG-PSOE e 5 do PP) cero abstencións, e cero votos en contra, dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

4.- PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL A INTEGRAR NO POS 2015.

O Sr. Alcalde da conta da proposta facilitada aos membros do pleno corporativo:

<<A Deputación Provincial de Coruña ó día 12/09/2014, aprobou as bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación de Obras e Servizos Municipais do ano 2015. A asignación que corresponde ao Concello de Rianxo ascende a 251.475,68€.

Segundo as bases reguladoras deste plan os concellos deben destinar cando menos o 60% do importe ao financiamento de obras, podendo ser o resto para financiar gastos correntes ou ben efectuar maiores investimentos.

Contando xa cos proxectos de obras, informes técnico así como o informe da intervención respecto da previsión de gastos para o 2015, a proposta desagregase do seguinte xeito:

a) No tocante ao investimento en obras:

1. SANEAMENTO EN A CASILLA II

A dita obra executarase segundo o proxecto técnico das obras (incluído o estudo básico de seguridade e saúde), redactado pola Arquitecta Ana I. Piñeiro Esperante, colexiado nº. 2242, por importe de 43.045,13 Euros, IVE incluído, que se desagrega nun valor estimado de 35.574,49€ e o ive que ascende a 7.470,64€.

Consta o informe da arquitecta da asistencia técnica municipal sobre as autorizacións preceptivas e non necesidade da supervisión do proxecto do 18/11/2014.

2. SANEAMENTO EN OUTEIRO E A LAXE (TARAGOÑA)

A dita obra executarase segundo o proxecto técnico das obras, por importe de 154.815,17 Euros, IVE incluído,

que se desagrega nun valor estimado de 127.946,42 € e o ivo que ascende a 26.868,75€.

Consta o informe da arquitecta da asistencia técnica municipal sobre as autorizacións preceptivas e non necesidade da supervisión do proxecto do 18./11/2014.

b) No relativo Ao financiamento de gastos correntes:

- informe de intervención municipal de data 17 de novembro de 2014 conforme ao Anexo II.

Emitido informe por D. Adolfo F. Muíños Sánchez sobre a non solicitude nin percepción de achega algunha para os ditos fins.

Considerando que o Pleno é o órgano competente, de conformidade co artigo 22.2º g) da Lei de Bases de Réxime Local e o artigo 217.2ºa) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, fundamentalmente para solicitar á Excm. Deputación Provincial a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no Plan.

Esta Alcaldía, propón ao pleno a adopción do seguinte acordo:

1.- “Aprobar o **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2015**, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras e subministracións que o Concello ten previsto realizar, ou a dedicación ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2015 ou a amortización anticipada da débeda, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras e subministracións:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Presuposto total
SANEAMENTO EN A CASILLA II	43.045,13		43.045,13
SANEAMENTO EN OUTEIRO E A LAXE	154.815,17		154.815,17
SUBTOTAL OBRAS / SUBMINISTRACIÓNS	197.860,30		197.860,30

Aprobar os proxectos das obras ou pregos das subministracións incluídos na anualidade 2015 e que se relacionan nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes ou amortización de débeda:

	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	53.615,38
Achega provincial aplicada á amortización anticipada de débeda	
SUBTOTAL GASTO CORRENTE E AMORTIZACIÓN DÉBEDA	53.615,38

C) Resumo:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto total
SUBTOTAL OBRAS /SUBMINISTRACIÓNS	197.860,30		197.860,30
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDA	53.615,38		53.615,38
T O T A L	251.4758,68		251.475,68

2.- Aprobar o Plan complementario do ano 2015 no que se inclúen as obras ou subministracións que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións:

Denominación da obra ou subministración	Presuposto
TOTAIS	

3.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2015 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2015 se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

8.- Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.>>

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA COMISION INFORMATIVA DE OBRAS, SERVIZOS, PROTECCIÓN CIVIL E MEDIO AMBIENTE, do día 24/11/2014, sendo este favorable coa abstención da concelleira do PP.

Ábrese o **DEBATE**:

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a Vanesa Martínez Duran, di que o PP está de acordo que se realicen obras no concello pero non van a apoiar a proposta porque como é costume non se contou co PP na concreción dos proxectos a incluír no POS 2015.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, José Carlos Gey Hermo, comeza a súa intervención dicindo que se trata de obras faladas e non tiña sentido comentalo co PP. Explica o servizo que dará o proxecto, o prazo de execución da obra e o custo de conexión que implica por vivenda, as dificultades de algunhas conexións que quedaría para fases seguintes e outros aspectos do proxecto. Así concretamente:

- Saneamento en A Casilla: o tramo é o que descorre paralelo á C305 continuando pola pista municipal co tramo de saneamento xa executado. O orzamento é de 43.045€, cunha lonxitude de 250mtrs, dará servizo a 9 vivendas e cun prazo de execución de 1 mes.

- Saneamento en Outeiro e A Laxe, Taragoña: o trazado do vial polo que transcorre a rede de saneamento cruza en dous puntos o Rego dos Muíños onde se suxeitará mediante abrazaderas para non mermar a capacidade de desaugue; dada a topografía da zona e para evitar pasar con zanzas profundas na zona do cruceiro da Laxe Pequena instalárase unha estación de bombeo. O orzamento é de 154.000€, cunha lonxitude de 1 km e dará servizo a 25 vivendas, cun prazo de execución de 3 meses.

Entre ambos proxectos investirase en saneamento uns 197.000€ dando servizo a 34 vivendas, saíndo a 5.794€ por vivenda.

Quedaré pendente o saneamento do tramo preto do Bar Casilla, difícil pola cota do terreo pero xa cun trazado previsto.

Por consideralos proxectos necesarios vanna a aprobar.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a Adelina Ces Quintáns intervén unicamente para

amosar o seu apoio porque é preciso prestar estes servizos básicos, se ben engade que o orzamento non da para moito.

O alcalde di que estas obras vanse estendendo a outros núcleos segundo se amplía a rede.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, sendo APROBADA por 9 votos a favor (4 dos membros do BNG, 5 dos do PSdeG-PSOE) 5 abstencións (5 dos do PP), e cero votos en contra, dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

5.- MOCIONS DE URXENCIA

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día e antes de pasar a quenda de rogos e preguntas, ábrese o punto de mocións de urxencia.

5.1.- MOCION DO BNG RELATIVA Á DECLARACIÓN DE MUNICIPIO OPOSTO Á APLICACIÓN DO TRATADO TRANSATLÁNTICO DE COMERCIO E INVESTIMENTO .-

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

A voceira do grupo municipal do BNG Adelina Ces Quintáns xustifica a urxencia nas negociacións que se estan efectuando a costa da cidadanía e antes de que sexa demasiado tarde.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 14 concelleiros presentes (4 dos membros do BNG, 5 dos do PSdeG-PSOE, 5 dos do PP) dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

A voceira do grupo municipal do BNG, Adelina Ces Quintáns, lee a moción:

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Unión Europea (UE) e os Estados de América (EEUU) están negociando, de costas á cidadanía e ás persoas e institucións que a representan (parlamentos nacionais, estatais e europeo) un amplo acordo de liberalización de comercio e investimentos, que representa un serio perigo para a democracia e a debida protección dos dereitos sociais, laborais, ambientais e de saúde, antepoñendo o interese local de investidores e empresas transnacionais (ETN) ao interese xeral. O tratado estase a negociar de xeito secreto e, na actualidade, carecemos de documentos oficiais (máis alá de filtracións) sobre o contido total das negociacións.

O TTIP, ao perseguir a liberalización total dos servizos públicos e a apertura de prestación destes ás ETN, así como ás compras e licitacións de bens e servizos das Administracións Públicas, pon en perigo todos os servizos públicos e as compras públicas, en todos os niveis de poder, e compromete a habilidade dos/as representantes elixidos/as para administraren libremente as súas comunidades locais e promocionaren a industria, emprego e iniciativas locais.

Deste xeito, as leis do comercio priman sobre calquera outra consideración social e ignoran calquera lexislación, continental, estatal, nacional, rexional ou local. As comunidades locais atópanse dominadas por axustes estruturais restritivos debidos aos acordos e ás políticas de libre comercio e de protección do investidor. Esta lóxica desmantela os servizos públicos e suprime a liberdade dos poderes locais para fornecer os servizos públicos e satisfacer as necesidades sociais das súas poboacións, atendendo a políticas e plans de desenvolvemento industrial e de fomento da industria e emprego locais. Ao mesmo tempo, promove instrumentos non democráticos que garantan os beneficios económicos das empresas transnacionais, o que supón unha cesión da soberanía aos poderes económicos.

Por iso as administracións locais, tanto por seren afectadas directas ao ser as canles axeitadas para promover os servizos públicos e a industria e emprego locais, como por promover na colectividade local o debate público e democrático sobre o que está verdadeiramente en xogo tras este Acordo, deben pronunciarse sobre o seu rexeitamento.

Por todo iso propoñemos a seguintes

MOCIÓN

1. Declarar este concello como Municipio insumiso e libre do TTIP, defendendo os servizos públicos básicos para a solidariedade e redistribución social.
2. Solicitar do Ministerio de Administracións Públicas o seu apoio a todas as iniciativas dirixidas a manter o carácter público dos servizos básicos.
3. Instar ao Ministerio de Economía a que solicite que se faga pública toda a documentación en relación ao tratado, con base no Regulamento 1049/2001 da Unión Europea.
4. Solicitar do Ministerio de Economía a suspensión das negociacións do TTIP.>>

O alcalde abre a quenda de intervencións.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martínez Duran, di que vanse a pronunciar partindo da non competencia municipal, autonómico nin estatal neste aspecto e por iso vanse abster.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, José Carlos Gey Hermo, di que efectivamente a moción excede as nosas competencias e coñecementos que en todo caso son insuficientes ou parciais. O obxectivo do acordo é estimular o comercio entre UE e EEUU eliminando trabas arancelarias e non arancelarias, sabemos que China estase a converter en líder internacional do comercio, por ilo Europa ten que posicionarse, mais tamén hai dúbidas de como se van a negociar os acordos. É importante ter claro o réxime de concesións. O Parlamento Europeo aprobara en breve unha resolución ao respecto.

Así as cousas o voceiro do PSOE di que non están de acordo en declararse insumisos, sen mais información e correspondendo a outros resolver, estaría dacordo soamente nalgúns puntos da moción, pero o PSOE apoia as negociacións entre a UE e os EEUU para lograr o acordo transatlántico e por ilo, votaran en contra da moción.

A voceira do grupo municipal do BNG Adelina Ces Quintáns di que sabe que o PSOE esta na negociación e o Sr. Juncker venderase co mellor postor como sempre acontece a eses niveis institucionais onde non se ten en conta os intereses da xente da pé e os pequenos comerciantes.

Sométese a moción recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo **REXEITADA** polos votos en contra do 5 membros do PSdeG-PSOE, sendo a favor 4 votos do BNG, e coas abstencións dos 5 concelleiros do PP.

5.2.- MOCION SOBRE O ETIQUETADO DE PRODUTOS TRANSFORMADOS E CONSERVAS DE PEIXES E MARISCOS presentada o día 25/11/2014 (Rex. Entrada nº 6940) a petición da Confraría de Pescadores de Rianxo.

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

O alcalde lembra a moción aprobada no pleno anterior e trae agora esta no nome do goberno municipal a petición de D. Miguel Angel Iglesias Romero, en representación da Confraría de Pescadores, xustificando a urxencia en que o 13/12/2014 presentárase pola Comisión Europea un informe e proposta de modificación normativa ao respecto.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 14 concelleiros presentes (4 dos membros do BNG, 5 dos do PSdeG-PSOE, 5 dos do PP) dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

O alcalde da lectura á moción:

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Con ocasión da recente revisión da Política Común de Pesca, o Regulamento da Organización Común de Mercados da Pesca e da Acuicultura establece que a partir do 13 de decembro do 2014 se aplicará en toda a Unión Europea unha nova normativa de etiquetado que exixe da obriga de informar da orixe e da especie dos produtos da pesca, marisqueo e acuicultura transformados ou en conserva.

Esta nova situación legal permite ocultar a orixe das especies procedentes de terceiros países transformadas ou en conserva, prexudica ao consumidor nos seus dereitos e intereses, favorece ás empresas que comercializan produtos foráneos ocultando información en claro prexuízo das empresas que procesan peixes e mariscos do Mar de Galicia, o que repercute directa e negativamente no emprego e no sector primario, e consecuentemente na economía costeira e ás familias.

O Mar de Galicia configura un sector estratéxico na economía local. A pesca e o marisqueo en Galicia están baseados en métodos tradicionais e prácticas mediambientalmente amigables, e polo tanto catalogados de pesca artesanal na súa totalidade. Da pesca e do marisqueo viven máis de 20.000 persoas que están integradas nas 62 Confrarías existentes en Galicia, arredor das cales están definidos outros tantos enclaves de comunidades pesqueiras, unidades sociais e economicamente dependentes do mar. Á súa importancia social únese o valor económico que adquire nos municipios costeiros, xerando e distribuindo un importante fluxo de rendas, inducindo á creación de emprego indirecto, e a implantación de actividades e negocios dos que son clientes e consumidores.

O Regulamento (UE) 1169/2011 establece que a Comisión Europea presentará antes do 13 de decembro de 2014 ao Consello e ao Parlamento Europeo, un informe e unha proposta de modificación normativa, sobre a indicación obrigatoria do país de orixe ou do lugar de procedencia dos ingredientes que representan máis do 50% dun alimento, como é o caso das conservas e transformados de peixes e mariscos de Galicia. Esta é unha oportunidade para a defensa dos produtos autóctonos do Mar de Galicia, dos seus sectores primarios e dos múltiples intereses por el xerados.

Así pois, para contribuír a acadar o obxectivo de etiquetar debidamente os produtos transformados e conservas dos peixes e mariscos de Galicia, propoñemos que o Pleno debata esta proposta e:

- 1.- acorde defender a obriga de indicar a especie e o país de orixe na etiquetaxe das conservas e transformados, apoiando a modificación normativa que se detalla no punto seguinte.
- 2.- acorde instar ao Parlamento de Galicia a debater o contido desta moción e darlle traslado á Comisión Europea da seguinte proposta, e que inste á Xunta de Galicia a igual acción:

A) modificación do Regulamento de execución (UE) 404/2011 da Comisión para que os artigos 67.12 e 68.5 obriguen a indicar nos produtos da pesca, do marisqueo e da acuicultura incluídos nas partidas arancelarias 1604 e 1605 da Nomenclatura Combinada (conservas e transformados de peixes e mariscos) a información sobre a especie e a súa orixe.

B) modificación do Regulamento (UE) 1379/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, para que o artigo 35, que explicita a obriga de indicar a especie e a súa orixe, sexa tamén de aplicación aos produtos da pesca, do marisqueo e da acuicultura en conserva ou transformados.

- 3.- acorde instar á Xunta de Galicia a que apoie e dea traslado á Comisión Europea da modificación normativa detallada no punto anterior." >>

O alcalde abre a quenda de intervencións.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martínez Duran, di que está perfectamente explicado pola confraría no texto presentado e van a votar a favor.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, José Carlos Gey Hermo, di que van a apoialo. Resalta que o PP está xogando dúas cartas, pois apoian a nivel autonómico e non é así a nivel estatal que é o que chega ao nivel europeo.

Lembra que o parlamentario José Blanco (PSOE) presentou un texto á Comisión Europea onde traslada a súa preocupación sobre a protección e identificación do produto galego, a existencia de denuncia e falsificacións deste, e o Presidente da Comisión na resposta dada o 02/09/2014 di que a identificación dos produtos é voluntaria, ao que José Blanco replicou que sendo o produto galego o único etiquetado se o estudo efectuado sobre as falsificacións se ten concluído ao que o Presidente da Comisión resposta que non, e estas son as últimas novas ao respecto. Aproveita para dicir que a deputada Laura Seara, ten enfatizado que por un lado o Goberno español apoia a defensa do xeito e pesca artesanal e por outra non modifica o Plan de xestión do sector e establece medidas de prohibición de pesca e non compensación económica castigando ao sector a non sair a pescar nos seguintes 3 anos. Ou sexa que realmente vótase a culpa á UE mais o Goberno español non actúa e fai o que corresponde. Conclúe que aprobarán a moción.

O alcalde comenta que quizás sería convínente trasladarlllo tamén ao Estado para que faga presión no Parlamento.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, José Carlos Gey Hermo, que estaría ben polo exposto e as competencias do estado ao respecto.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a Adelina Ces Quintáns retrotraese a unha moción xa formulada no 2012. Unha vez mais di que se están perdendo dereitos e a cidadanía que paga aos parlamentarios debemos esixirilles que defendan os intereses que nos afectan. Espera que así o faga José Blanco, que non faga o mesmo que Carmen Fraga que nunca apoiou os intereses dos galegos nin sequera dos españois.

O alcalde pregunta ao PP se tería inconveniente de engadir o traslado da moción ao estado español, ao que a voceira do PP resposta que non ten problema se lle parece correcto á Confraría de pescadores.

O texto a engadir sería como apartado 4.- “ Instar ao goberno do Estado e ao Ministerio con competencias na materia”.

Adolfo fai unha enfervorecida defensa do produto galego.

Sométese a moción recollida ao principio deste punto, co engadido indicado a **VOTACIÓN**, sendo **APROBADA** por 14 votos a favor (4 dos membros do BNG e 5 dos do PSdeG-PSOE e 5 dos membros do PP), abstencións cero e cero votos en contra dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, sendo o texto o seguinte:

<<1.- acorde defender a obriga de indicar a especie e o país de orixe na etiquetaxe das conservas e transformados, apoiando a modificación normativa que se detalla no punto seguinte.

2.- acorde instar ao Parlamento de Galicia a debater o contido desta moción e darlle traslado á Comisión Europea da seguinte proposta, e que inste á Xunta de Galicia a igual acción:

A) modificación do Regulamento de execución (UE) 404/2011 da Comisión para que os artigos 67.12 e 68.5 obriguen a indicar nos produtos da pesca, do marisqueo e da acuicultura incluídos nas partidas arancelarias 1604 e 1605 da Nomenclatura Combinada (conservas e transformados de peixes e mariscos) a información sobre a especie e a súa orixe.

B) modificación do Regulamento (UE) 1379/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, para que o artigo 35, que explícita a obriga de indicar a especie e a súa orixe, sexa tamén de aplicación aos produtos da pesca, do marisqueo e da acuicultura en conserva ou transformados.

3.- acorde instar á Xunta de Galicia a que apoie e dea traslado á Comisión Europea da modificación normativa detallada no punto anterior.”

4.- Instar ao goberno do Estado e ao Ministerio con competencias na materia.>>

6.- ROGOS E PREGUNTAS

A concelleira do grupo municipal Partido Popular, D^a. M^a Nieves Vicente Varela, formula a seguinte pregunta:

P1. - Que actividades hai na Aula Activa do Mar? Explica que o pregunta porque viu nun acta que hai unha factura de máis de 300€ en luz en dous meses.

O alcalde dille que o mirara pero alí tamén se dan clases de axedrez e hai un ascensor que co seu funcionamento tamén ten un custe, úsese ou non.

O 1º Tenente de alcalde, José Carlos Gey, di que pode corresponderse cunha lectura estimativa e non real, que se adoita a facer polas empresas e logo compensase na seguinte.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 21:00 minutos, de orde da Presidencia, ábrese os ROGOS E PREGUNTAS DO PUBLICO ASISTENTE.

Levántase a sesión ás 21:02 horas, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria, dou fe.

O Alcalde

A Secretaria

Adolfo F. Muíños Sánchez

Carolina Costoya Pardo